

*Coplas dos*


*maios*

*2021*



EPAPU DE OURENSE  
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN  
DA LINGUA GALEGA

*Coplas creadas polo alumnado  
do centro EPA de Ourense*




Xa chegou o maio  
a EPA está de festa  
xa chegou o maio  
non durmas a sesta.

Non durmas a sesta  
que corra o aire  
co virus non se estenda  
para poder voltar ao baile.

Para poder voltar ao baile  
manten a distancia  
non fagas como o alcalde  
que non lle dá importancia.

Que non lle dá importancia  
nós si que lla damos  
por iso todos xuntos  
os maíos celebramos.

2º ESA NOITE (BEGOÑA, DANAIS,  
SARAI, YAKSER, NEREA, ANTONIO,  
RUTH, HEURIS E ANAÍS)



Boas tardes a todos,  
somos os de terceiro Tarde  
traemos o noso maio  
isto está que arde!

Ímola liar máis tarde  
Samanta vainos guiar  
Alcalde que ben estabas  
colgando nun pinar


Colgando nun pinar  
tiñas que estar  
cun litro de viño  
e un bo calamar.

O peor deste ano  
foi ir votar  
coa mascarilla  
e presentándose Abascal.

Levamos todo o ano  
sen poder ir traballar  
con isto da mascarilla  
ate para irse bañar

Esperamos este ano  
cando se vaia a votar  
ter máis sentidiño  
non a vaiamos liar

E xa para rematar,  
nesta copla insistimos  
cando vaias a votar  
pensa en todo o que perdimos...  
Non te deixes enganar.



Chega a primavera  
chega o mes de maio  
e os de 4º tarde  
imos celebralo.

Imos celebralo  
neste noso centro  
facemos as coplas  
en calquera momento.

En calquera momento  
con todo o noso inxenio  
falaremos do que sexa  
con moito xeito.


Moito xeito ten o alcalde  
para meter no bolsiño  
os cartiños dos de Ourense  
que se quedan caladiños.

Mellor queda caladiño  
señor Fernándo Simón  
que cada vez que abres a boca  
perdemos a razón

Perdemos a razón  
perdemos a cabeza  
durante a tarde  
nas clases de Natureza.

Peor o pasamos  
coa pesada de galego  
veña a darnos fotocopias  
ate que perdemos o ego.

E con esto nos despedimos  
deste maio noso  
que grazas á esta festa  
agora tamén é voso.



Aí veñen os maios  
que todos esperamos  
pero ca Covid do demo  
nin cantamos nin gozamos.

Nin cantamos nin gozamos  
por culpa do alcalde  
que queira ou non queira  
non se vai ir de balde


Levántame maio  
bastante durmiches  
Pasou este burro  
e non o sentiches

E non o sentiches  
mais nós si queremos oír  
o timbre do cole  
cando toca para sair

Cando toque para saír  
cando toque para entrar  
para a pandemia afastar  
na casa temos que quedar

Na casa temos que quedar  
mais todos se van alegrar  
porque despois destes maios  
a máscara imos quitar.

4º ESA X (EDITH, SUSANA, THALIA,  
KAREN, BEGOÑA E QUICO)



Xa chegou O Maio  
anque o virus non queira  
virá con fortuna  
e unha boa colleita.

E unha boa colleita  
de todos aprobados  
despois de moitas horas  
cos cóbados inchados

Cos cóbados inchados  
tenos o de Sociais  
Antonio, para un pouco,  
que non podemos máis.

Que non podemos máis  
con tanto castelán,  
con tantas Naturais,  
non chegamos ao verán.

Non chegamos ao verán  
con tanta xeometría  
total pa NASA non imos  
se esquecemos a teoría.

Se esquecemos a teoría  
de pouco valen os pronomes  
cando do corpo humano  
só aprendemos os nomes.

Só aprendemos os nomes  
pero con francés e inglés  
rematamos estes maios  
subindo ao Everest.

4º ESA N (MARLON M<sup>a</sup>, F. MAGALHAES,  
P. CARBALLEDA, S.C.F.S., J. CID)



Os rapaces da EPAPU  
os maíos festexamos  
por iso con forza  
todos cantamos

Xa chegaron os maíos  
fermosos e floridos  
xa chegaron os maíos  
cheos de colorido.


Maio amigo  
que traes contigo?  
Un sol quentiño,  
unha morea de flores  
e bolboretas de cores.

Este ano o noso maio  
vai ser moi especial  
sen máscara  
e distancia social.

Con tantas restricións  
imos ter que adelgazar  
para caber na clase  
e poder estudar.

Aínda así, ímolo pasar xenial  
imos traballar  
para facelo xuntos  
e podemos festexar.

4º ESA A (NOEMI DÍAZ RODRÍGUEZ)



Os nenos agardan  
como a auga de maio  
e comezan as flores  
a rexurdir este ano.


Os campos agardan  
como tamén o verán  
e chaman ó sol  
e todo o mundo o celebra.

As abellas agardan  
encher as colmeas  
con moi rico mel  
que todos desexan.

Cheos de amor  
vamos rematar  
entre campos e flores  
a primavera chegar.

4° ESA A (MÓNICA VEGA)





Xa chegan os maios  
neste tempo de crise  
co covid vivimos  
outro ano máis.

Outro ano máis  
vivimos encerrados  
esperando recuperar  
o tempo que perdimos.

O tempo que perdimos  
xa non o recuperaremos  
cos nosos avós  
que xa perdemos.

Despedimos estes maios  
co recordo dos que perdemos  
e sabendo que pronto  
todo olvidaremos.

#### 4º ESAD (ADRIÁN FERREIRO GÓMEZ)

Xa chegou o maio  
o maio xa chegou,  
as flores do camiño  
amosan a súa cor  
vermello, laranxa e branco  
que fermosas son  
eu canto para elas

Que fermoso maio  
o maio do meu pobo.

O maio xa chegou  
as flores do camiño  
amosan a súa cor.

#### 1º ESAD (LORENA LEIRAS RODRÍGUEZ)

De agullas cortado  
como flor de Maio,  
un espiño afoutado  
rachoume o saio


Érguese aló no monte,  
esperando un fugaz raio,  
cruzando todo o horizonte,  
o toxo que medra en Maio.

Flor con duras espiñas,  
clama pola choiva  
no monte e na campiña  
a carón da vella miña.

4° ESA A MAÑÁ (SERGIO FERNÁNDEZ  
RODRÍGUEZ)



4° ESA C MAÑÁ



As flores dos toxos  
chegaron con tempo  
floridas as xestas  
no maio cuberto

Xa cheiran a rosas  
o paso do tempo  
xa chegou o maio  
florido e con vento.

3° ESAD (VICENTE OITAVÉN VILA)

Era o mes de maio.  
Facía calor,  
o amor xurdía en cada rincón,  
en cada pensamento, en cada  
razón.

Coas flores que daban paixón,  
faciamos as alfombras do Maio  
que cada ano  
enchíanos de ilusión.

3° ESAD (MANUEL TRIGO HOMBRE)